

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **VINTESETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 2043/2019. ACORDO DE ADHESIÓN AO PROXECTO RELATIVO A (MEDIDA 6) RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR DENTRO DOS PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVORECEN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA OBTER FINANCIAMENTO DO FEDER A TRAVÉS DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN DA ENERXÍA (IDAE) AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS REGULADAS POLO REAL DECRETO 616/2017 (MODIFICADO POLO REAL DECRETO 316/2019).**
- 3º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 20 de novembro de 2019

- 2º.- **EXPTE. 2043/2019. ACORDO DE ADHESIÓN AO PROXECTO RELATIVO A (MEDIDA 6) RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR DENTRO DOS PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVORECEN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA OBTER FINANCIAMENTO DO FEDER A TRAVÉS DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN DA ENERXÍA (IDAE) AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS REGULADAS POLO REAL DECRETO 616/2017 (MODIFICADO POLO REAL DECRETO 316/2019).**

Pola Alcaldía dase conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra, Rexistro de Entrada 2019-E.-RC-4872, de data 29 de outubro de 2019, informando que o pasado día 26 de abril o Instituto para a Diversificación de Enerxía (IDAE) modificou mediante o Real Decreto 316/2019 a liña de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono



regulada polo Real Decreto 616/2017. Este programa englobase dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020 do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, coñecido como DUS (Desenvolvemento urbano Sostible).

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, enterada da comunicación da Deputación provincial de Pontevedra referente a convocatoria arriba citada, por unanimidade, **ACORDA**:

1.- Adherirse aos proxectos incluídos na (Medida 6) **RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR.**

2.- Comprométese a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

3º.- URBANISMO.

3.1.- Expte. 253/2019. Instalación de piscina. Noemí Lázara Vázquez.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 05 de abril de 2019 acordou:

“Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a **NOEMÍ LÁZARA VÁZQUEZ** para instalación de piscina na rúa Tras da Igrexa (Silleda) parcela con referencia catastral 36052K504004570001RK, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.”

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades, de data 21 de novembro de 2019, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Noemí Lázara Vázquez, que literalmente dí:

“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES

Actividade: “Instalación de piscina na parcela con referencia catastral 36052K504004570001RK, situada na rúa Tras da Igrexa nº 7 (Silleda)”.

Certificación: Según **CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA**, do técnico director da obra Don Juan Jesús Rodríguez Núñez, Arquitecto Técnico, de data 11-setembro-2019, e con **ENTRADA** no Concello de **SILLEDA**:

Data: 19-setembro-2019.

Núm. de rexistro: 2019-E-RE-291

Titular da actividade: Dona **NOEMÍ LÁZARA VÁZQUEZ**.

No termo municipal de **SILLEDA**, persónase ás 12:00 horas do día 20 de novembro do ano 2019, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na parcela 36052K504004570001RK, situada na rúa Tras da Igrexa nº 7, parroquia de Silleda, en presenza de Dona Noemí Lázara Vázquez, con D.N.I. 52.482.333-J, e efectua a visita de comprobación demanda pola interesada en data 19 de setembro de 2019, e referida á licenza municipal según Xunta de Goberno Local do día 5 de abril de 2019.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando **CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS**, con visado do 17 de setembro de 2019, nº E19000399, e con Rexistro de Entrada no Concello nº 2019-E-RE-291, do día 19-setembro-2019, asinado polo técnico Don Juan Jesús Rodríguez Núñez.



A continuación examinase si se adoptaron totaldas medidas correctoras impostas na licenzia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Instalación de piscina na parcela con referencia catastral 36052K504004570001RK, situada na rúa Tras da Igrexa (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 21 de novembro de 2019 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 05 de abril de 2019, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- A concesión de licenzia de actividade definitiva a NOEMÍN LÁZARA VÁZQUEZ, para instalación de piscina na rúa Tras da Igrexa (Silleda), na parcela con referencia catastral 36052K504004570001RK.

Segundo.- Contra o acordo de concesión de licenzia, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e vintecinco cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 27 de novembro de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

